

Hoxe levo un día bastante canso. A verdade é que non durmín ben. Estou botándolle un ollo ó xornal de hoxe mentres agardo a que a lenta camareira me traia o meu café con leite e a magdalena que lle pedín hai quince minutos.

Hai unha noticia que me chama a atención: un rapaz duns vinte anos, ao que denominan coas siglas R.P.V., aparece morto tras caer polo burato dun ascensor en obras. Polo que parece ser, o rapaz vivía nese mesmo edificio, e estaba cursando terceiro de enfermería na universidade de Lugo, cidade na que sufriu o accidente. Coitadiño... Segundo pon no artigo, a policía sospeita de que puido tratarse dun accidente, tal vez o rapaz estaba algo bébedo e comezou a arrandearse nos andamios, aínda que tampouco descartan a idea do suicidio... Inxenuos! Eu sei a verdade. Vaia panda de incompetentes estes da policía. Pero mira, case mellor. Anda! Por fin! Por fin esta desgraciada decidiu traerme o almorzo!

Aquel mércores Rubén saíra de clase bastante cedo, a profesora de Historia da Enfermería estaba nun congreso esa semana e grazas a iso non tiña que quedar na facultade ata as mil. Estaba xa atardecendo, e a pesar de ser pleno mes de Marzo, a temperatura era bastante agradable. Foi camiñando de vagar ata a casa, gozando daqueles estraños raios de sol ata que chegou ó seu edificio. A súa expresión de alegría cambiou por completo. E paréceme normal. Meses. Os obreiros levaban meses para instalar un ascensor, e subir ata o quinto por un estreito e inestable andamio non era prato do seu gusto. El non tiña nin idea de enxeñería, pero sabía que non era normal que levase tanto tempo. Non podía ser tan complicado. Pero en fin, era o que había e non podía queixarse. Unha vez na súa casa, nada máis abrir a porta, atópase cunha nota pegada ó espello da entrada.

Hola Rubén! Mira, que hoxe e máis mañá vas estar só no piso. Pablo e máis eu decidimos achegarnos ata A Coruña, que seica hai unha festiña estes días. Coida ben da casa e non a lies moito sen nós! Ata o venres á noite!

Outra vez... mira que eran festeiros os seus compañeiros de piso. Sempre dun lado á outro. E nai querida! Como deixaran o piso! Non podías case camiñar, quedábaste coma pegado no chan! Cadeiras tiradas polo chan, restos dun líquido coma vermello ciscado polas paredes... Seguro que estes animais estiveron a facer os seus famosos cócteles de "Sex on the beach" e espaxaron todo polo piso adiante. Pero Rubén ás veces pecaba de bo. Entendía que era o primeiro ano de carreira destes rapaces, e consideraba normal que estiveran un pouco desfasados. Colleu a fregona e alí gastou dúas horas, deixando o chan do piso un pouco máis "habitabile". Xa daban as dez, e satisfeito do seu traballo, tírouse no sofá a fumar un pito mentres que a pasta fervía. A pesar de fumar, non lle gustaba moito o cheiro do tabaco, así que antes de acomodarse de todo, abriu un pouquichiño a xanela para que corra o aire. Aí comezou todo.

Escoitou un golpe moi forte que viña da habitación de Pablo, como se alguén pegara unha cabezada contra da porta. Un arrepío recorreu todo o corpo, pero procurou ser racional. Unha corrente de aire sería o máis probable, non había por que ter medo.

Que ía ser se non? Unha pantasma? Vamos home... que xa non tiña idade para ter medo por esas parvadas. Así que continuou ó seu. Bum. Bum. Dous golpes máis. Outro arrepío recorre o seu corpo. Sobe o volume da tele para intentar baixar os seus temores irracionais e tamén os sons dos golpes. BUM, BUM, BUM. Acabouse. Armouse de valor (e máis dun coitelo que colleu na cociña) e foi ata a habitación de Pablo e abriu de golpe a porta. Tal e como escribira Allan Poe no seu poema "O corvo", na habitación de Pablo había vento e máis nada. O moi pailán deixara a fiestra aberta... Aí estaba a explicación. Pero por se acaso, a máis de pechar a xanela, comprobou se dentro do armario ou debaixo da cama había alguén ou algo. Sorriu coma un parvo ó comprobar que non había nada, apagou a luz, pechou a porta e foi sacar a pasta da pota, que pouco máis a auga saía por fóra.

Despois diso, durante as dúas horas seguintes, todo pasou con normalidade. Mentres Rubén degustaba os seus macarróns con atún e tomate, non houbo ningún golpe. Tampouco mentres se tomaba a macela despois de cear. Nada de ruídos e moita tranquilidade. Case agradecía que os seus compañeiros marcharan, porque tras semanas de festa e festa agradecía un pouquiño de silencio.

Lavou os pratos e foi lava-los dentes morto de sono, antes de ir á cama. Pero mentres saía do baño, xusto antes de xirar cara o seu cuarto, os seus ollos desvíronse á habitación de Pablo. A porta estaba aberta. A luz acesa. Durante un par de segundos o seu cerebro loitaba consigo mesmo intentando atopar unha explicación racional e científica, pero non a atopou. Foi correndo á súa habitación e pechou a porta pasando a chave. Abriu o seu armario, mirou debaixo da cama e incluso no recuncho que tiña o seu pupitre. Non había nada. Respirou. Alí sentíase seguro.

Xa está, non pasaba nada. Agora só tería que durmir, nunhas horas ó amencer chegaría e coa luz de sol e co rumor da xente na rúa xa podería seguir investigando. A noite e a escuridade nunca foron amigas da tranquilidade, así que mellor esperar.

Meteuse na cama, pechou os ollos e intentou pensar en cousas bonitas. Ah, cousas bonitas. Para cousa bonita a súa outra compañeira de piso: Emilia. Que ollos verdes tiña Emilia. Todo nela era perfecto: o seu sorriso, o seu corpo, a súa forma de falar... incluso estaba fermosa nada máis levantarse, toda despeiteada e con ese vello pixama de Doraemon. Pero Rubén era demasiado tímido, tiña medo ó verse rexeitado, e xamais foi capaz de declarárselle. Aínda así, a súa cabeza imaxinaba escenas xamais vividas con ela: collidos da man polo parque, tomando un xeado xuntos, abrazándoa no cine mentres ela treme do medo... Todo era marabilloso na súa cabeza, e agora, co terror que lle invadía o interior, intentou concentrarse ó máximo nestes ficticios e fermosos pensamentos. Ata que... Toc, toc! Alguén golpeou na fiestra. Pero que estaba a pasar? Será que algún borracho decidiu divertirse subindo aos andamios e vacilando ó persoal? Toc, toc! Rubén incorporouse e mirou decidido cara o son. Non había nada. ¿Estariase volviendo tolo? Levaba varios días de estrés e pode que todo isto estivese na súa cabeza. Si... Vexamos... Os primeiros golpes na porta de Pablo podían ser pola corrente de aire... Tal vez non apagou a luz nin pechou a porta despois de inspecciona-la habitación, e por iso a atopou así cando saíu do baño... e agora estes golpes... pois ou un borracho ou un paxaro. Si. Isto tiña que ser. Ou polo menos iso é o que el pensaba. Toc, toc! Outra vez! Maldita sexa! Acabouse! Rubén levantouse da cama dun chimpo e foi pechar a persiana. Pero a visión que atopou na



ventá paroulle o corazón, conxeloulle o corpo, deixouno paralizado. Emilia, a súa cara, ou máis vez a súa cabeza, colgaba do andamio. Emilia! Os seus ollos verdes estaban vermellos do sangue, e os seus beizos, aqueles beizos vermellos que Rubén quixera tantas veces bicar agora estaban azuis esbrancuxados e completamente rotos. Berrou. Non sabía que facer máis que berrar. Tras varios minutos conseguiu xirarse, e tapou os ollos sen que cesaran os seus berros. Algo tiña que facer... Saír! Saír da casa. Correr en busca de alguén! Si, iso faría! Sen vestir sequera, abriu a porta da súa habitación e correu coma unha bala cara a porta da entrada. Pechada. A maldita porta estaba pechada. Dende a escuridade da cociña, unha sombra achegábase lentamente. Non había escapatoria... era o final de Rubén. Pero espera... os andamios! Estas malditos andamios das que Rubén sempre se queixaba! Era a súa única salvación! Correu desesperado cara o salón, mentres a negra sombra achegábase lentamente, con paso tranquilo cara el. O pobre rapaz, brincou por fóra da fiestra. Unha vez no andamio, berrou coma nunca pedindo axuda sen deixar en ningún momento de correr. Os andamios cambaleábanse poñendo ó noso pobre protagonista nunha situación de alto perigo, pero que importaba iso agora? O importante era saír de aí, ou esperar que alguén acudise á súa chama de auxilio. Intentou atopar unha saída, pero non facía nada máis que bordear o edificio unha e outra vez. Alguén cortara a escaleira que lle levaría ata a rúa. Estaba atrapado, non había escapatoria. Canso xa de correr sentou no andamio, preto de onde estaban a instalar o ascensor, e chorou. Chorou coma nunca chorara. Chorou por todo. Pola imaxe da cabeza de Emilia, pola súa situación desesperada, e en especial, por coñecer con seguridade o seu próximo final. Escoitou pasos e sentiu a vibración do andamio. Alguén se achegaba. Alí estaba. Era unha figura encapuchada, toda vestida de negro, que sostíña nunha man a cabeza de Emilia, e na outra a cabeza de Pablo. Apoiounas no chan, e sacou do seu peto un coitelo, e mentres ría co obxecto na man, achegábase a Rubén. Este mirou á estraña figura, e con lágrimas nos ollos precipitouse polo burato do ascensor, escollendo unha morte máis rápida. As seis da mañá, uns rapaces que pasaban por alí, atoparon o corpo e avisaron á policía.

Bastante amargo este café, a verdade, debín pedirle no seu momento outro terrón de azucre á camareira. Agora dá igual, non me apetece levantarme, como xa dixen estou bastante cansa. Puaj! E a magdalena bastante rancia. Non volvo vir almorzar a esta cafetería. En fin, sácame un peso de enriba saber que a policía pensa que é un suicidio. Agora teño que pensar que facer cos outros dous corpos. Dende logo, non sabía eu que a vida de asasino fose tan atarefada. Ah, ríndome. Voume levantar a por outro terrón. Que amargo está o café!